



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE
SANTIAGO

Espazo reservado para o Rexistro Xeral do Concello

SOLICITUDE DE USO DOS
CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS
Tempada 2018/2019

"CLUBS FEDERADOS E ENTIDADES DEPORTIVAS"

NOME DA ENTIDADE: _____

REPRESENTANTE (Presidente ou membro da xunta directiva):

D./D^a. _____

Cargo que ocupa na Xunta directiva: _____

DNI _____ teléfono/-s _____

SOLICITO o uso dun **Campo Municipal** para a práctica de _____ (especificar modalidade deportiva) de acordo cos datos que se indican no cuestionario que se achega, comprometéndome ao bo uso da instalación, así coma ao cumprimento das normas reguladoras da mesma.

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 2018

Sinatura do representante¹

¹ Mediante a formalización voluntaria desta solicitude, o asinante autoriza que os datos contidos na mesma sexan incorporados a un ficheiro automatizado, e almacenados, para que os mesmos poidan ser utilizados con fins deportivos e outros actos de carácter protocolario e social. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello (L.O.15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.)

CUESTIONARIO A FORMALIZAR POLO SOLICITANTE

1) ENTIDADE _____

CIF _____ TELÉFONO/S _____

ENDEREZO COMPLETO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (rúa, nº, CP):

E-MAIL _____

2) Nº de REXISTRO NA XUNTA DE GALICIA _____

Nº de REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN^(*) _____

^(*) Será requisito obrigatorio para as entidades solicitantes estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións dentro do prazo de solicitude (coa excepción das Federaciós Galegas).

3) CARÁCTER DA ENTIDADE:

Club Federado

Entidade Deportiva

Federación

4) NÚMERO DE SOCIOS DA ENTIDADE:

5) MODALIDADE DA ACTIVIDADE:

Adestramento

Competición Oficial

Competición organizada pola Entidade

Outra

6) RELACIÓN NOMINAL E INDIVIDUAL DOS EQUIPOS QUE PARTICIPAN NA ACTIVIDADE, CATEGORÍAS DE CADA UN DELES, E Nº DE LICENZAS FEDERATIVAS:

É obrigatorio e imprescindible cubrir o ANEXO 1 no que deberá detallarse a relación de equipos da entidade, categoría de cada un deles e número de licenzas por equipo, tanto da tempada 2017/18, como as previsiós da seguinte 2018/19. Esta información deberá ser o máis completa posible, enumerándose equipo por equipo co fin de poder atender correctamente a solicitude formulada.

7) PERÍODO DE UTILIZACIÓN QUE SOLICITA (de setembro ao 31 de maio):

Do ____ de _____ de 2018 ao ____ de _____ de 2019

8) DÍAS DA SEMANA E HORARIOS PARA ADESTRAMENTOS (Orientativo) :

Notas importantes:

1. En función do número de solicitudes o Concello poderá **reducir, alterar ou variar** os períodos de adestramento que aquí se indican.
2. TERASE COMO PRIMEIRO CRITERIO DAR COBERTURA AO MESMO Nº DE EQUIPOS DOS QUE DISPUXO A ENTIDADE DURANTE A PASADA TEMPADA. OS INCREMENTOS ATENDERANSE SEGUNGO DISPOÑIBILIDADE.
3. Tendo en conta que a prioridade no uso dos campos de fútbol é o deporte federado, as entidades solicitantes deberán ter presentes os seguintes criterios xerais no momento de cubrir este apartado:
 - a. FRECUENCIA ADESTRAMENTOS/SEMANA
 - Categorías de ámbito local/provincial: 2 sesións de adestramento /semana
 - Categorías de ámbito autonómico: 2/3 sesións de adestramento /semana
 - Categorías de ámbito nacional: 3/4 sesións de adestramento /semanaEn todos os casos o uso da instalación será compartida con outro equipo. As únicas excepcións son:
 - Categorías prebenxamín/benxamín/alevín que convivirán 3/4 equipos ao mesmo tempo
 - Categorías de ámbito nacional que disporán dalgunha sesión de adestramento a campo completo
 - b. CARGA HORARIA ADESTRAMENTOS
 - Categorías prebenxamín/benxamín/alevín: unha media de 60 a 75' por sesión, segundo nº de solicitudes.
 - Resto de categorías: unha media de 90' por sesión, segundo nº de solicitudes.
 - c. DISTRIBUCIÓN HORARIA

Os campos estarán abertos desde as 17 horas, polo que as entidades solicitantes deberán indicar que categorías poderán asistir á primeira hora da tarde (de 17 a 18/18,30 h.). De non indicarse, decidírase polo propio Concello.

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

- | | | |
|---|---------------|--------------------------|
| ➤ | 17,00 - 18,30 | <input type="checkbox"/> |
| ➤ | 18,30 - 20,00 | <input type="checkbox"/> |
| ➤ | 20,00 - 21,30 | <input type="checkbox"/> |
| ➤ | 21,30 - 23,00 | <input type="checkbox"/> |

Para entidades con varias categorías especificar o horario preferente para cada unha delas:

OBSERVACIÓNS

(A cubrir por aquelas entidades que non dispoñan de Seguro de Responsabilidade Civil)

DECLARACIÓN XURADA

D./D^a _____, presidente/a da entidade _____, con CIF.- _____ e número de rexistro na Xunta de Galicia _____ e no de asociacións do Concello _____,

DECLARO BAIXO COMPROMISO DE VERACIDADE

Que no suposto de ter concesión de uso de instalacións deportivas municipais para a tempada 2018/2019, concretamente para a actividade: _____, COMPROMÉTOME a contratar nos primeiros 10 días de concesión un **seguro de Responsabilidade Civil**, en contía suficiente, que dea cobertura ás actividades que vai organizar a entidade á que represento (R Civil de explotación, R Civil por danos ocasionados ó persoal contratado para a actividade, R Civil locativa por calquera tipo de dano que se poida producir na instalación como consecuencia da actividade, incluída a de competición, etc.)

Así mesmo, son coñecedor que dito seguro será valorado polo Concello de Santiago, o cal poderá solicitar, se o estima procedente, unha ampliación das coberturas contratadas.

É canto teño que declarar aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 2018

Asdo.: _____

PRESIDENTE

O ESCRITO TEN QUE VIR SELADO CO CUÑO DA ENTIDADE SOLICITANTE

(A cubrir por aquelas entidades/clubs/asociacións, ..., que non participen en deporte federado ou Deporte Escolar)

DECLARACIÓN XURADA

D./D^a _____, presidente/a da
entidade _____, con CIF.-
_____ e número de rexistro na Xunta de Galicia _____ e
no de asociacións do Concello _____,

DECLARO BAIXO COMPROMISO DE VERACIDADE

Que no suposto de ter concesión de uso de instalacións deportivas municipais para a tempada 2018/2019, concretamente para a actividade: _____
_____, COMPROMÉTOME a contratar **un seguro con cobertura de accidentes deportivos** para todos os participantes na actividade, coas seguintes coberturas: falecemento por accidente, invalidez por accidente e asistencia sanitaria ilimitada.

Así mesmo, son coñecedor que dito seguro será valorado polo Concello de Santiago, o cal poderá solicitar, se o estima procedente, unha ampliación das coberturas contratadas.

É canto teño que declarar aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 2018

Asdo.: _____

PRESIDENTE

O ESCRITO TEN QUE VIR SELADO CO CUÑO DA ENTIDADE SOLICITANTE.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE:

(Marque cun X os documentos que procedan)

- Fotocopia do DNI do representante da entidade que asina a solicitude
- Certificado da Federación correspondente no que se indique o número de equipos inscritos durante a pasada tempada 2017/18, así como, o número de licenzas tramitadas con independencia de ser deporte colectivo ou individual. Este certificado deberá ter data de finais de tempada (xuño/xullo 2018).
- Certificado do Secretario da entidade no que se indique a previsión do número de equipos que inscribirán para a tempada 2018/19, así como, o número de licencias que teñen previsto tramitar, con independencia de ser deporte colectivo ou individual.
- Certificación da compañía aseguradora respecto da póliza de responsabilidade civil da entidade solicitante, na que se se detalle obxecto, incluíndo coberturas e contías contratadas (R Civil de explotación, R Civil por danos ocasionados ó persoal contratado para a actividade, R Civil locativa por calquera tipo de dano que se poida producir na instalación como consecuencia da actividade, incluída a de competición, etc.)
Dito certificado será valorado polo Concello de Santiago e poderá solicitarse, se se estima procedente, unha ampliación das coberturas contratadas.
- Se a entidade solicitante non ten seguro, compromiso de contratar, no caso de que se lle conceda instalación, un seguro de Responsabilidade Civil que cubra a actividade para a que solicita a instalación.
- Aquelas entidades/clubs/asociacións,, que non participen en deporte federado ou Deporte Escolar deberán presentar, a maiores, un compromiso de contratar, no caso de que se lle conceda instalación, un seguro con cobertura de accidentes para todos os participantes na actividade para a que se solicita a instalación.

Importante: Mentres non se teña entregada toda a documentación requirida non se procederá á resolución da solicitude.

Sinatura do representante da Entidade

MOI IMPORTANTE: Os datos presentados no certificado do secretario do Club e que se achegan coa presente solicitude, deberán de ser o máis exactos posibles xa que calquera variación pode afectar ao proceso de concesión e, polo tanto, a terceiras entidades. É un acto de responsabilidade co resto dos colectivos deportivos da cidade ser rigoroso coa información que se facilite. Con todo, de producirse un descenso no número de equipos ou licenzas ás inicialmente previstas, as entidades deberán de comunicalo canto antes. **En caso contrario, o Concello de Santiago poderá anular a cesión inicialmente prevista para esa entidade para a temporada 2018/19.**

Nota: Os campos de fútbol municipais obxecto desta solicitude son:

1. CF. de herba sintética de SANTA ISABEL
2. CF. de herba sintética de AS CANCELAS
3. CF. de herba sintética de SAN LÁZARO (Sergas)
4. CF. de herba sintética de VILLESTRO
5. Campo de fútbol 7 de BELVÍS
6. Campos de fútbol de CONXO

INFORMACIÓN A CONSIDERAR POLOS SOLICITANTES

CESIÓN DE USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS TEMPADA 2018/2019 Campos de Fútbol

1. **Prazo de solicitude:** do 27 de xuño ao 16 de xullo
2. **Lugar de presentación das solicitudes:**
 - Rexistro Xeral : R/ Presidente Salvador Allende, 4 Baixo (Galeras)
 - Rexistro auxiliar do Ensanche: Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16 (Centro Sociocultural)
Horario: de 9.00 a 13.00 h.
3. As entidades deportivas solicitantes **deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións** dentro do prazo de solicitude.
As solicitudes doutras entidades e colectivos consideraranse, se procede, unha vez feita a distribución de uso dos equipamentos deportivos entre as entidades debidamente rexistradas.
4. As entidades deportivas solicitantes **deberán dispoñer dun seguro de Responsabilidade Civil** que cubra a actividade para a que se solicita a instalación. Se non o teñen, deberán comprometerse a contratalo no caso de que se resolva positivamente a súa solicitude.
5. Inicialmente, con carácter xeral, serán de aplicación os criterios marco aprobados na Xunta de Goberno de 3 de novembro de cesión de uso das instalacións municipais para a tempada 2017/18. Por orde de prioridade son:
 - **1º nivel de prioridade:** propostas formativas lectivas (educación física escolar,...), programas municipais e actividades que aglutinen a persoas con diversidade funcional.
 - **2º nivel de prioridade:** as actividades deportivas de ámbito federativo (adestramentos, competicións oficiais) e as vinculadas co deporte escolar da Xunta de Galicia.
 - **3º nivel de prioridade:** as propostas deportivas recreativas e competitivas non oficiais (segundo dispoñibilidade unha vez atendidos os niveis 1 e 2).

Importante salientar que a concesión dunha franxa horaria unha tempada, en calquera instalación, non implica que esa mesma sexa concedida ao ano seguinte de forma automática polo feito de facer a solicitude. As concesións terán validez unicamente para a tempada obxecto de solicitude.

Terase como primeiro criterio dar cobertura ao mesmo nº de equipos dos que dispuxo a entidade durante a pasada tempada. Os incrementos atenderanse segundo dispoñibilidade.

6. As entidades solicitantes deberán de **contactar co Departamento de Deportes (981 528 730) entre o 5 e o 7 de setembro** para coñecer a resolución da súa solicitude. En todo caso, ESTE PRAZO PODERÁ ADIANTARSE considerablemente se por parte da entidade solicitante existe a vontade de manter para a tempada 2018/19 a mesma (ou moi similar) carga de ocupación, horarios e instalación que a cedida para tempada 2017/18 sendo requisito obrigatorio e imprescindible dispoñer do mesmo número de equipos en competición.
7. Con independencia ao proceso de solicitude oficial de instalacións para a tempada 2018/2019, aquelas entidades que precisen —por razóns de calendario de competición ou causas debidamente xustificadas—, iniciar os seus adestramentos antes do 5 de setembro deberán de comunicar por escrito ao Departamento de Deportes as súas necesidades co fin de poder atendelas, en función das instalacións dispoñibles. **En todo caso, os campos de fútbol non estarán dispoñibles para adestramentos ata o luns 30 de xullo salvo situación moi excepcionais debidamente xustificadas.**

8. **IMPORTANTE:** Os datos presentados no certificado do secretario do Club e que se achegan coa presente solicitude, deberán de ser o máis exactos posibles xa que calquera variación pode afectar ao proceso de concesión e, polo tanto, a terceiras entidades. É un acto de responsabilidade co resto dos colectivos deportivos da cidade ser rigoroso coa información que se facilite. Con todo, de producirse un descenso no número de equipos ou licenzas ás inicialmente previstas, as entidades deberán de comunicalo canto antes. En caso contrario, o Concello de Santiago poderá anular a cesión inicialmente prevista para esa entidade para a temporada 2018/19.

9. **AVISOS IMPORTANTES:** As solicitudes con documentación pendente, atenderanse unha vez completada toda a documentación. As presentadas fóra de prazo atenderanse unha vez se realice o reparto xeral, e dentro das disponibilidades existentes.

10. Por último, O Concello de Santiago recomenda a todos os deportistas das Entidades que pasen un recoñecemento médico previo co fin de garantir unha adecuada práctica deportiva.